CONCELLO DE SANTIAGO

MODELO
DE003
DEPORTES

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS, ACTIVIDADES FÍSICAS E COMPETICIÓNS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

D./Dª. _____ , con DNI _____, como representante legal da entidade _____

Declaro baixo a miña responsabilidade:

- Que a actividade obxecto de solicitude exposta no formulario que se achega, cumpre todos os requisitos establecidos na normativa vixente para o desenvolvemento da mesma, que dispoño da documentación que así o acredita e que a poñerei a disposición da Administración Municipal cando sexa requirido para iso.
- Que o solicitado se desenvolverá segundo a normativa vixente nese momento.
- Que a entidade está inscrita no Rexistro municipal de asociacións (exentas deste requisito as federacións galegas e /ou entidades de ámbito autonómico) e cumpre co establecido nos estatutos da entidade conforme a Lei 3/2012 do Deporte de Galicia
- Que o persoal docente (adestradores, monitores…) en contacto habitual con menores de idade, está en posesión da certificación negativa do rexistro central de delincuentes sexuais, conforme a Lei 26/2015, de 28 de xullo (BOE 29-7-2015).
- Con respecto ao seguro de responsabilidade civil (sinale o que corresponda):
  - ☐ Que teño contratado un seguro de responsabilidade civil, segundo o artigo 8.1 do Decreto 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos.
  - ☐ Que me comprometo a contratar antes do inicio da actividade un seguro de responsabilidade civil, segundo artigo 8.1 do Decreto 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos.
- Que asumo o compromiso de contratar para todos os participantes na actividade unha póliza de accidentes que teña como mínimo as coberturas do seguro deportivo obrigatorio ou dispoñer da licenza federativa, se procede.
- Que me comprometo a designar un responsable xeral da actividade para o seguimento das actividades solicitadas e que será comunicado á administración municipal antes do seu inicio.
- Que me comprometo a cumprir coa normativa en materia laboral, hixiénico-sanitaria e de seguridade tanto dos participantes coma do persoal adscrito á dita actividade (de ser o caso).
- Que me comprometo, baixo a miña responsabilidade, para que os menores de idade, antes de acceder ás instalacións municipais, teñan entregada unha autorización escrita do pai/nai/titor legal que lles permita realizar esta actividade.
- Que me comprometo a respectar a normativa de uso e funcionamento das instalacións deportivas.
- Que me comprometo a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo que dure a cesión da/s instalación/s deportiva/s municipal/pais.

Santiago de Compostela, ____ de _____ de 20___

Sinatura do/a representante da entidade: